CLUB DE ESCOITA

A ESCOITA CONSCIENTE COMO PRÁCTICA ARTÍSTICA E ACTO COMUNITARIO

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
19 outubro 2026 - 30 maio 2027

DIRECCIÓN: Santi Araújo
COORDINACIÓN: Virginia Villar e Modus Vivendi



Vivimos nun momento no que a música está en todas as partes e, ao mesmo tempo, xa non se escoita. As plataformas dixitais fragmentaron a experiencia de escoita en pezas illadas, optimizadas para a atención breve e a reprodución continua. *Club de escoita* propón recuperar a escoita profunda como experiencia colectiva.

Esta iniciativa nace da alianza entre dous espazos culturais históricos de Santiago de Compostela —o CGAC e o Modus Vivendi— que comparten a vontade de xerar contextos de atención, encontro e comunidade arredor da cultura.

O proxecto desenvolverase en dous formatos complementarios que culminarán cun concerto no auditorio do CGAC. As persoas participantes nos dous espazos converteranse en impulsoras colectivas do evento: un grupo de descoñecidos e descoñecidas, unido pola experiencia da escoita atenta, agasallará a cidade cun concerto que se desmarque do ruído, da lóxica festiva e do espectáculo para propoñer outra forma de encontro coa música.

No Modus Vivendi, o último domingo de cada mes, terá lugar a escoita silenciosa e completa dun disco revelado no momento. Tras unha breve introdución, o disco escoitarase de inicio a fin, e dará paso a unha conversa centrada nas emocións experimentadas máis que na análise musical.

No CGAC, o punto de partida non será un disco senón unha obra. As pezas das exposicións en curso ou a arquitectura de Álvaro Siza funcionarán como portada, serán o impulso visual e conceptual que inspire unha lista de reprodución construída especificamente para cada sesión. A música amplifica o que a obra suscita; a obra orienta o que a música revela. Dúas linguaxes que se escoitan mutuamente.

Cada sesión irá acompañada dunha guía de escoita en formato *zine*, deseñada e producida por Santi Araújo para cada ocasión.

PROGRAMA NO CGAC

HORARIO: 20:15 h | DURACIÓN: 35-50 min

19 outubro 2026. Prazo de inscrición: 7-15 outubro 2026
18 novembro 2026. Prazo de inscrición: 6-16 novembro 2026
22 febreiro 2027. Prazo de inscrición: 12-18 febreiro 2027

Vivimos en un momento en el que la música está en todas partes y, al mismo tiempo, ya no se escucha. Las plataformas digitales han fragmentado la experiencia de escucha en piezas aisladas, optimizada para la atención breve y la reproducción continua. *Club de escucha* propone recuperar la escucha profunda como experiencia colectiva.

Esta iniciativa nace de la alianza entre dos espacios culturales históricos de Santiago de Compostela —el CGAC y el Modus Vivendi— que comparten la voluntad de generar contextos de atención, encuentro y comunidad en torno a la cultura.

El proyecto se desarrollará en dos formatos complementarios que culminarán con un concierto en el auditorio del CGAC. Las personas participantes en ambos espacios se convertirán en impulsoras colectivas del evento: un grupo de desconocidos y desconocidas, unido por la experiencia de la escucha atenta, ofrecerá a la ciudad un concierto que se desmarque del ruido, de la lógica festiva y del espectáculo para proponer otra forma de encuentro con la música.

En el Modus Vivendi, el último domingo de cada mes, tendrá lugar la escucha silenciosa y completa de un disco revelado en ese momento. Tras una breve introducción, el disco se escuchará de principio a fin y dará paso a una conversación centrada más en las emociones experimentadas que en el análisis musical.

En el CGAC, el punto de partida no será un disco, sino una obra. Las piezas de las exposiciones en curso o la arquitectura de Álvaro Siza funcionarán como portada, serán el impulso visual y conceptual que inspire una lista de reproducción construida específicamente para cada sesión. La música amplifica lo que la obra suscita; la obra orienta lo que la música revela. Dos lenguajes que se escuchan mutuamente.

Cada sesión irá acompañada de una guía de escucha en formato *zine*, diseñada y producida por Santi Araújo para cada ocasión.

PROGRAMA EN EL CGAC

HORARIO: 20:15 h | DURACIÓN: 35-50 min

19 octubre 2026. Plazo de inscripción: 7-15 octubre 2026
18 noviembre 2026. Plazo de inscripción: 6-16 noviembre 2026
22 febrero 2027. Plazo de inscripción: 12-18 febrero 2027

16 marzo 2027. Prazo de inscrición: 5-12 marzo 2027

20 maio 2027. Prazo de inscrición: 5-18 maio 2027

* As datas poden estar suxeitas a cambios en función da dispoñibilidade das salas de exposición

PROGRAMA NO MODUS VIVENDI

HORARIO: 17:00 h | DURACIÓN: 60-75 min

25 outubro 2026
22 novembro 2026
13 decembro 2026
31 xaneiro 2027
28 febreiro 2027
28 marzo 2027
25 abril 2027
30 maio 2027

SANTI ARAÚJO (Ponteareas, Pontevedra, 1983) é músico, compositor e xornalista. Formouse en produción audiovisual e ten catro discos publicados no selo Ernie Records: *Canciones para bailar* (2024), *Suelta Ø Muerde* (2022), *Catedral* (2019) e *Esto es normal* (La Familia, 2011). Dirixe o *Club de escoita* (2025-2026) e colaborou en programas de radio de ámbito nacional en emisoras como RNE e Onda Cero. Publica o boletín sobre música, tecnoloxía e cultura dixital *5 cosas que descubrí esta semana*.

16 marzo 2027. Plazo de inscripción: 5-12 marzo 2027

20 mayo 2027. Plazo de inscripción: 5-18 mayo 2027

* Las fechas pueden estar sujetas a cambios en función de la disponibilidad de las salas de exposición

PROGRAMA EN EL MODUS VIVENDI

HORARIO: 17:00 h | DURACIÓN: 60-75 min

25 octubre 2026
22 noviembre 2026
13 diciembre 2026
31 enero 2027
28 febrero 2027
28 marzo 2027
25 abril 2027
30 mayo 2027

SANTI ARAÚJO (Ponteareas, Pontevedra, 1983) es músico, compositor y periodista. Se formó en producción audiovisual y tiene cuatro discos publicados en el sello Ernie Records: *Canciones para bailar* (2024), *Suelta Ø Muerde* (2022), *Catedral* (2019) y *Esto es normal* (La Familia, 2011). Dirige el *Club de escucha* (2025-2026) y ha colaborado en programas de radio de ámbito nacional en emisoras como RNE y Onda Cero. Publica el boletín sobre música, tecnología y cultura digital *5 cosas que descubrí esta semana*.

INSCRICIÓN NO CGAC

A actividade é gratuita e está dirixida a calquera persoa interesada na cultura contemporánea. O número de prazas variará en función da capacidade das salas de exposición. As persoas interesadas deberán enviar unha mensaxe electrónica a cgac.educacion@xunta.gal dentro do prazo indicado para cada sesión. Nela deberán incluír os seguintes datos: nome, apelidos, estudos, área de traballo ou interese, un enderezo electrónico e un teléfono de contacto. Poderase inscribir un máximo de dúas persoas mediante cada solicitude (é preciso indicar todos os datos de cada participante).

INSCRICIÓN NO MODUS VIVENDI

A actividade está dirixida a calquera persoa interesada na música. O número de prazas é de 20 persoas por sesión. As persoas interesadas poderán inscribirse enviando os seus datos a pubmodusvivendi@gmail.com.

INSCRIPCIÓN EN EL CGAC

La actividad es gratuita y está dirigida a cualquier persona interesada en la cultura contemporánea. El número de plazas variará en función de la capacidad de las salas de exposición. Las personas interesadas deberán enviar un correo electrónico a cgac.educacion@xunta.gal dentro del plazo indicado para cada sesión. En él deberán incluir los siguientes datos: nombre, apellidos, estudios, área de trabajo o interés, una dirección de correo electrónico y un teléfono de contacto. Se podrá inscribir un máximo de dos personas por solicitud (es necesario indicar todos los datos de cada participante).

INSCRIPCIÓN EN EL MODUS VIVENDI

La actividad está dirigida a cualquier persona interesada en la música. El número de plazas es de 20 personas por sesión. Las personas interesadas podrán inscribirse enviando sus datos a pubmodusvivendi@gmail.com.

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN
Rúa Ramón del Valle Inclán 2
15703, Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 602/31
cgac.educacion@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal

CGAC Centro Galego de Arte Contemporánea

Xacobeo 2027

MODUS VIVENDI